

SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

**INFORME DE REVISIÓN INTERNA
CONVOCATORIA: 2014**

**Mestrado Universitario:
Tradución para a comunicación internacional**

INFORME DE REVISIÓN DO SEGUIMENTO DO TÍTULO

INFORME DE REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMIENTO DE TITULACIÓNS

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 28/07/2015

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Máster en Tradución para a Comunicación Internacional
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Filoloxía e Tradución (Vigo)
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME - EXCELENTE <input type="checkbox"/> CONFORME <input checked="" type="checkbox"/> NON CONFORME

XUSTIFICACIÓN DO RESULTADO

- Información pública:

A web do título contén unha ampla información sobre aspectos destacados do mestrado, aínda que é mellorable en dous aspectos. Por unha banda na ampliación de contidos, as veces de temas fundamentais como se especifica no apartado de este documento correspondente á información pública; por outra en tratar de conseguir unha maior accesibilidade, tal e como se suxire nas recomendacións que se incorporan a este documento.

Obsérvase que dende a titulación fixéronse esforzos para unha maior difusión e visibilidade dá mesma. É de destacar o esforzo para o establecemento de comunicación cos axentes interesados usando as redes sociais. Nembargante hai algúns aspectos, de fácil solución, que deberían mellorarse (p.e. a visibilidade sinxela das guías docentes das materias).

- Valoración do cumprimento do proxecto:

A pesares de que na memoria facíase referencia explícita a ferramentas imprescindibles para a implantación correcta do proxecto como son os mecanismos de coordinación entre profesores de materias e módulos e o PAT, estas parecen non estar sendo usadas por parte da coordinación da titulación o así polo menos parece deducirse do informe. No autoinforme detéctanse dúas incidencias que están directamente relacionadas coas mesmas como son a acumulación de traballo por parte dalgúns materias e a non presentación de dous TFM. Aínda que neste nivel de implantación poden non ser preocupantes, os responsables da titulación deberían reflexionar sobre as causas e asegurar que non se produza unha amplificación dos efectos nos seguintes cursos.

A reflexión en varios criterios non se somete estritamente a temática dos mesmos; estes aspectos detállanse en cada criterio.

A reflexión non debe conter propostas de mellora, estas deben establecerse no apartado correspondente.


As accións catalogadas como Boas prácticas se asignen ao criterio correspondente. Non é viable que todas se inclúan en varios (criterios 1, 4)

Algúns propostas de mellora limitáanse a indicar que se vai solucionar o problema, sen indicar os mecanismos de actuación.

- Accións levadas a cabo ante as recomendacións:

O ser un mestrado de nova implantación non hai recomendacións de mellora derivadas dun informe sobre o autoinforme, xa que o pasado curso este non se fixo.

Vigo, a 28 de xullo de 2015



Xosé María Gómez Clemente
Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Información pública

Resultado:

Conforme

A

B

Non Conforme

C

D

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Fortalezas:

A páxina web está estruturada de forma sinxela e de acceso claro. Os aspectos de maior interese para os grupos de interese foron en termos xerais identificados e son destacados na páxina. A titulación conta con sistemas de difusión en redes sociais e identifícase os esforzos para engadir apartados de interese para os egresados como son as ofertas de traballo e continuación de estudos de doutoramento.

Valórase a información que contén a web do título sobre o profesorado, cun significativo CV e unha fotografía que facilita a súa identificación.

Valórase positivamente a publicidade a través dun vídeo promocional que explica as principais características do mestrado.

Valórase positivamente a formación do Grupo de Investigación T&P e a información da súa web vinculada ao mestrado.

Non conformidades:

Hai unha serie de carencias fundamentais que deben ser subsanadas ou deben ser incluídas de forma ben visible:

- enlace máis visible as guías docentes,
- información sobre o TFM; Falta neste caso información da organización interna da materia (distribución dos traballos, titores, etc.)
- información sobre as competencias;
- información sobre o PAT; información sobre as titorías ou o contacto do profesorado;
- nº de créditos mínimos
- non se identifican os idiomas de impartición da titulación nin das materias
- as informacións referentes as materias son moi vagas e resumidas e o enlace as guías introdúcese ó final da páxina do listado de todas as materias de xeito que normalmente estará oculto

- Non hai enlace o sistema de xestión de Incidencias, Reclamacións e Suxestións. Este enlace debería estar ben visible na páxina inicial da titulación aínda que apuntara, como é desexable, ó sistema de xestión do centro.

Un segundo problema refírese á accesibilidade. As veces é complicado determinar que información contén cada apartado que aparece na páxina central da mesma. A suxerencia cun exemplo está no apartado seguinte.

Recomendacións para a mellora :

Recoméndase que nas materias, ademais do resumo que conteñen, se arbitre un link ca respectiva guía docente.

Recoméndase que na páxina principal se arbitren pestanas que permitan coñecer a información que contén o epígrafe e o acceso directo á información pormenorizada. Por exemplo na Presentación podería incluírse un despregable cos seguintes accesos: Descrición, Saídas profesionais, Criterios de admisión, Bolsas, Programa.

As imaxes que se presentan sucesivamente na portada principal da web do título pasan demasiado rápido e non da tempo a ler la información; recoméndase que vaian máis despacio.

Xa que a titulación parece “aberta” a unha ampla gama de titulacións de ingreso, pode ser útil a inclusión de a descrición de acceso e perfil recomendado na páxina Web como se describe na correspondente memoria.

INFORMACIÓN PÚBLICA: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL E TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

2. Valoración do cumprimento do proxecto establecido

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme	<input checked="" type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input checked="" type="checkbox"/> C
<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Fortalezas

Criterio asociado	Xustificación
1. Descrición	Salvo o tema comentado no apartado seguinte, a reflexión deste criterio é coherente e inclúe todos os aspectos significativos
2. Xustificación	A reflexión é correcta tendo en conta que é o primeiro ano que se imparte o título. Valórase a realización dunha enquisa propia. Establecemento de convenios con institucións estranxeiras
3. Obxectivos	Valórase positivamente o elevado número de estudantes que obtivo o título
4. Acceso e admisión	Valórase positivamente a inclusión do perfil dos estudantes que acceden ao mestrado. Valórase positivamente o plan de promoción que o centro realizou para todos os seus títulos A titulación dispón de un eficiente sistema de difusión con actividades destinadas a futuros estudantes Uso de redes sociais para a difusión de eventos e actividades da titulación
6. Recursos materiais	A reflexión é correcta, se ben excesivamente breve
8. Resultados	Valórase positivamente os resultados acadados no mestrado e a proposta de mellora de realizar un estudo sobre a inserción laboral
9. SIGC	Valórase positivamente a actuación da Facultade de Filoloxía e Tradución no ámbito da Calidade, realidade que implica a todos os seus títulos.
10. Calendario	O cronograma do calendario coincide ca memoria, tanto no plano extinguido como o de nova implantación.

Non Conformidades

Criterio asociado	Xustificación
1. Descrición	Na memoria contéplase a oferta de 30 prazas e no autoinforme menciónanse que se ofertan 25.
2. Xustificación	Na reflexión debería recollerse a falta de participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción, especialmente se é o único punto que figura na proposta de mellora.
3. Obxectivos	Non se realiza unha reflexión do nivel de adecuación e o desenvolvemento dos obxectivos da titulación. Por ser o primeiro ano da titulación este aspecto debería ter sido tratado en profundidade para corríxilo nas seguintes edicións. Non se describe a metodoloxía usada para medir o grado de cumprimento das competencias. Non se fai referencia o nivel de desenrolo das competencias transversais CT-1/9 na proposta. A reflexión é insuficiente, xa que o único que inclúe son as cualificacións dos TFM e non pode xustificarse porque non se teñan os resultados das enquisas de satisfacción, que aínda que non coincidan co período docente, realízanse on line.
4. Acceso e admisión	Non se fai unha reflexión respecto a inexistencia do PAT. Aínda que a estrutura do citado plan foi especificamente incluído na memoria de verificación da titulación non se xustifica a súa non posta en marcha.

	<p>Na reflexión non se deben incluír as propostas de mellora, senón as debilidades que levarán as mesmas no apartado que lles corresponde. Nin as boas prácticas nin proposta de mellora correspóndese con este criterio; tampouco se detecta a debilidade. Os adxuntos “plano de captación” e “Plano de Promoción e captación se refiren ao mestrado de Tradución e Multimedia</p>
5. Planificación	<p>Non se realiza unha reflexión sobre a planificación e desenvolvemento da docencia na titulación. A reflexión sobre a marcha dos procedementos de coordinación detallados na memoria é moi vaga. Non parece que as reunións iniciais de coordinación serviran para corrixir “corregir la tendencia a incluír un excesivo número de actividades” como se pretendía na memoria á vista das enquisas entre o alumnado. Nótese que a detección de carga de traballo non dimensionada realizase vía enquisas de alumnado e non da adecuada coordinación dos docentes. A pesares de que expresamente se desenrola un axeitado proxecto de PAT no informe corrobórase a súa inexistencia sen ningún tipo de argumentación ou reflexión. Tamén se detectan estes problemas en relación á reflexión deste criterio: 1º Noméase a un coordinador do mestrado e a una coordinadora de título, sen dúbida dúas persoas diferentes que se atribúe a función de revisar as guías docentes. 2º Indícase que non hai datos das enquisas (p.20 e no criterio 3) e uns parágrafos máis abaixo (p.21) se da o resultado da enquisa(4/5) 3º As respostas que se inclúen das enquisas propias deberían figurar nos criterios correspondentes. Por outra banda enténdese que cada estudante é responsable dunha das respostas (9 estudantes/9 respostas), se este é o caso habería que reflexionar da idoneidade de que sirvan de argumento, o polo menos explicalo neste contexto.</p>
6. recursos humanos	<p>Indícase que nas enquisas non se recollen resultados sobre o profesorado; na enquisa interna que se adxunta dende a pregunta 6 á 10 son referidas a actuación do profesorado</p>

Recomendacións para a mellora

Criterio asociado	Xustificación
1. Descrición	<p>As accións que se consideran como boas prácticas, se ben é certo que a maioría poden considerarse como tales (ca excepción da publicación de monografías e a mellora da páxina web), habería que adscribilas ao criterio que corresponde, en certos casos máis adecuados que este 1.</p>
2. Xustificación	<p>Recoméndase deseñar un sistema de seguimento dos egresados para comprobar a utilidade real dos estudos Corrixir no apartado de boas prácticas a palabra grao por mestrado asociada ao alumnado de... Valórase a realización dunha enquisa propia, un segundo paso podería ser analizar estes datos en relación á este criterio.</p>
3. Obxectivos	<p>A reflexión pode acompañarse dos resultados que suministra a Universidade e na medida do posible cos da enquisa propia</p>
4. Acceso e admisión	<p>Recoméndase que as accións catalogadas como Boas prácticas se asignen ao criterio correspondente. Non é viable que todas se inclúan en varios. Recomendase que os aspectos da reflexión relaciónense directamente co criterio que se trata, deste quedan fóra as liñas do TFM, as saídas profesionais... Recomendase que a proposta de mellora (servizo administrativo) se</p>

<p>5. Planificación</p>	<p>relacione co criterio 6 (recursos humanos)</p> <p>As respostas que se recollen na proposta de melloras deberían ser motivo de reflexión do criterio, xa que hai temas vinculados directamente ca planificación. Non é suficiente con que se indiquen as respostas, estas deben xerar unha reflexión. Por outra banda enténdese que cada estudante é responsable dunha das respostas (7 estudantes/7 respostas), se este é o caso habería que reflexionar da idoneidade de que servan de argumento, o polo menos explicalo neste contexto.</p> <p>Recoméndase que se indique se hai regulamento de TFM.</p> <p>Recoméndase que nas boas prácticas inclúase os pasos para o convenio Erasmus coa Université de Paul Valéry - Montpellier (Francia) que no autoinforme se inscribe en el criterio 3.</p> <p>Non se indican os mecanismos que se pensan levar a cabo para solucionar as eivas</p> <p>Recoméndase que se explique como se planifica a semipresencialidade</p>
<p>6. Recursos humanos</p>	<p>Recoméndase unha reflexión dirixida ao perfil do profesorado</p>
<p>7. Recursos materiais</p>	<p>Recoméndase analizar este criterio máis alá de afirmar que os recursos sen adecuados e que non se detectou ningunha queixa</p>
<p>8. Resultados Plan de mellora</p>	<p>Recoméndase reflexionar sobre as cifras das taxas, a todas luces positivas.</p> <p>Recoméndase unha redacción adecuada das propostas de mellora, os obxectivos específicos deberían ser claramente identificables e medibles de forma obxectiva, p.e.: “índices satisfactorio de participación(?)”</p>

VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

3. Accións levadas a cabo ante as recomendacións

Resultado:

- Conforme**
 Non Conforme

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

O ser un mestrado de nova implantación non hai recomendacións de mellora derivadas dun informe sobre o autoinforme, xa que o pasado curso este non se fixo.

ACCCIÓNS ANTE RECOMENDACIÓNS: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>